

**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL: RENOVACIÓN DE PÓLIZA CON ALLIANZ A PARTIR DO 01.07.2016**

O 30.06.2016 finaliza a vixencia da póliza do seguro de responsabilidade civil que este colexio (como tomador) ten contratada coa aseguradora Mapfre por mediación de Aon Gil y Carvajal e o Consejo General de la Abogacía Española.

Debido á elevada sinistralidade dos últimos anos na maioría dos colexios de avogados, a aseguradora Mapfre comunicounos a súa decisión irrevogable de non renovar esta póliza, polo que os mediadores Aon Gil y Carvajal e o CGAE negociaron con Allianz a contratación dunha nova póliza de responsabilidade civil a partir do 01.07.2016.

Características da nova póliza de Allianz

- Período de duración de dous anos (do 01.07.2016 ao 30.06.2018)
- **Límite asegurado: 315.000 €** (incrementábase respecto da anterior, que era de 280.000 €)
- **Prima por colexiado: 335,20 €** anuais por colexiado asegurado (A esta prima descontaráselle a subvención do colexio, que é de 30.000 € anuais repartidos entre todos os colexiados asegurados) (Os recibos cargaranse semestralmente.)
- **Franquía: 1.500 €** (por sinistro)
- Subvención do colexio: 30.000 € por ano (que se repartirá entre todos os asegurados)

Solicitud de alta (só novas altas)

Os colexiados que xa figuran dados de alta na póliza anterior (Mapfre) pasarán automaticamente á nova póliza (Allianz), salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 3 de xuño ás 14.00 h.

Os colexiados que aínda non figuran de alta dispoñen dun prazo **ata o 3 de xuño ás 14.00 h** para solicitar a súa alta na nova póliza (Allianz) que terá efectos a partir do 01.07.2016. As solicitudes presentaranse por escrito na secretaría do colexio (persoalmente, por fax ou no correo st.gerente@icasantiago.org).

Obrigatoriedade

Lembrámosvos que esta póliza (ou outra particular similar) só é obrigatoria para os letrados que integran o servizo de asistencia ao detido, quenda de oficio e servizo de mediación deste colexio.

Baixa

Os letrados que figuran de alta na póliza anterior (Mapfre) e non teñan interese na renovación terán que solicitar a súa baixa por escrito ante a secretaría do colexio antes do día 3 de xuño ás 14.00 h.

Importante: Comunicación *ad cautelam* de sinistros anteriores

É moi importante que aqueles colexiados asegurados na póliza anterior (Mapfre), e que teñan pendente que algún cliente lle poida reclamar por falta ou negligencia anterior ao 30.06.2016, lle **comuniquen** ao mediador ou ao colexio o posible sinistro ***ad cautelam* urxentemente e antes do 30 de xuño**, data de vencemento da póliza Mapfre, xa que debe ser a dita aseguradora a que o tramite.



Ampliacións ou segundas capas

No caso dos colexiados que teñan contratadas de forma particular ampliacións ou segundas capas da cobertura, o mediador Aon Gil y Carvajal porase en contacto con eles para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Para resolver calquera dúbida, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza) ou co departamento de contabilidade e seguros do colexio (Rebeca Cotelo) no teléfono 981581713.